

# TALLERES DE LECER

CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA  
Do 4 ao 28 de xullo de 2017

Un ano máis o CGAC presenta unha oferta de talleres para o tempo de lecer que se desenvolverán ao longo do mes de xullo. Unha proposta chea de actividades dirixidas ao público de todas as idades co obxectivo de espertar a curiosidade e o interese polo contorno máis inmediato dando renda solta ás súas enerxías creativas.

Este ano centrarémonos especialmente nos procesos de creación a través do audiovisual traballando con tabletas, cámaras de vídeo e material fílmico xa gravado. Namentres, os máis pequenos experimentarán cos materiais, a forma, o volume, o movemento e as cores.

## **Calder no acuario** **Taller de plástica e ensamblaxe**

Dirixe: Montse Rego, artista  
Do 4 ao 7 de xullo de 2017  
Horario: de 11:00 a 12:30 h  
Idade: de 4 a 6 anos  
Prazas: 15

Traballaremos co volume e o baleiro xogando coas nosas mans e coa nosa imaxinación.

En relación coa exposición *Bañistas. Found Photography, 1880-1963*, neste taller debuxaremos trazos no aire con arame, e daráselles forma a animais, vexetais e elementos mariños. Coas mans, e coa axuda dalgunha pequena ferramenta, modelamos as figuras, que se conforman a partir do espazo delimitado polo metal; dun xeito similar a como un debuxo toma forma sobre o papel grazas á maxia do lapis.

Ademais crearemos volume a partir de formas planas mediante a ensamblaxe, a seriación, etc. Con pezas de cartón coloreado e cortado, con formas xeométricas e orgánicas, os rapaces poden deseñar e construír as súas formas.

## **A nova vida das imaxes: found footage** **Taller de creación audiovisual**

Dirixe: Javier Trigales, guionista e xestor cultural  
Do 11 ao 14 de xullo de 2017  
Horario: de 11:00 a 13:00 h  
Idade: adultos  
Prazas: 20

Neste taller analizaremos o pasado e o presente da reciclaxe de imaxes e construiremos a nosa propia peza de *found footage*. Ao longo de catro xornadas identificaremos as ferramentas que utilizan os directores deste subxénero cinematográfico e valoraremos a importancia e a transcendencia das obras analizadas. Trataremos de comprender mellor unha parte clave do cine experimental e a evolución que sufriu ao longo destes anos ao tempo que fomentamos a creatividade e as capacidades artísticas dos asistentes para que busquen unha voz propia dentro da linguaxe audiovisual.

## INSCRIPCIÓN

Todos os talleres son de balde.

As solicitudes de inscrición poderán presentarse a partir do 13 de xuño a través do enderezo electrónico [cgac.pedagogia@xunta.gal](mailto:cgac.pedagogia@xunta.gal) e deberán conter os seguintes datos: nome completo e idade da persoa ou persoas participantes, número de teléfono, enderezo de correo electrónico e título do taller no que desexan inscribirse. Só se admitirán as solicitudes que estean debidamente cumprimentadas.

Para participar nos talleres é imprescindible ter a idade sinalada. Poderase inscribir un máximo de dous participantes por solicitude. O CGAC confirmará mediante un correo electrónico a recepción e o estado das inscricións.

Coordinación: Gema Baños, Virginia Villar

## **Anima iTablet**

### **Taller de animación**

Dirixe: Alberto Vázquez e Carina Moreira, educadores e artistas  
Do 18 ao 21 de xullo de 2017  
Horario: de 11:00 a 13:00 h  
Idade: de 7 a 9 anos  
Prazas: 15

A todos nos gusta usar unha tableta, especialmente á xente nova, pero podemos facelo dunha forma creativa? Neste taller imos explorar e desenvolver a creatividade a través da animación creando pequenas pezas/curtametraxes.

En *Anima iTablet* darémolles vida a obxectos e personaxes, desenvolvendo habilidades con axuda da tecnoloxía. Traballando de forma colaborativa, poremos voces, música e editaremos unha historia para crear a nosa pequena grande animación.

## **O poder do erro (diante e detrás da cámara)**

### **Taller de videocreación**

Dirixe: Alejandra Pombo, artista  
Do 26 ao 28 de xullo  
Horario: de 11:00 a 13:00 h  
Idade: De 10 a 12 anos  
Prazas: 15

Neste taller dirixido pola artista Alejandra Pombo realizaremos unha película na que haberá directores que non dirixan e actores que non actúen.

Entenderemos o erro non como unha falta senón como unha oportunidade para poder ir máis aló do imaxinado. Para tal fin, crearase unha situación de rodaxe na que os participantes interactuarán co espazo público percorrendo diferentes recantos do museo. Procuraremos e potenciaremos o encontro co erro, co accidental e co inesperado. Faremos da serendipia un método de traballo e servirémonos das limitacións como motor de arranque para a creación dunha peza de vídeo conxunta.

**CGAC**

DEPARTAMENTO DE ACTIVIDADES E EDUCACIÓN  
Rúa Ramón del Valle Inclán 2  
15703 Santiago de Compostela  
Tel.: 981 546 602/631  
cgac.pedagogia@xunta.gal  
www.cgac.xunta.gal

 XUNTA  
DE GALICIA

 galicia